



CONCELLO  
DE  
VALDOVIÑO

## DECRETO DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA Nº 407-2016.

Vista a Ordenanza reguladora do Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Valdoviño, publicada no BOP número 30, do 16 de febreiro de 2016.

Visto que a súa finalidade é permitir ao Concello de Valdoviño coñecer o número de entidades existentes no municipio, o seu fins, representatividade e incidencias, para os efectos de posibilitar unha política municipal axeitada que contribúa a fornecer o tecido asociativo local.

Considerando polo tanto que é necesario proceder a unha depuración das asociacións existentes no termo municipal, de conformidade co previsto no artigo 21 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 21 do Texto Refundido das Disposicións vixentes en materia de Réxime Local e artigo 47.2º do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais

### ACORDO

**PRIMEIRO.-** Que se proceda á depuración das asociacións existentes no Concello de Valdoviño, procedendo a súa inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións, deixando sen efecto as inscricións efectuadas con anterioridade a aprobación da Ordenanza reguladora do Rexistro Municipal de Asociacións.

**SEGUNDO.-** Publicar o presente acordo no Taboleiro de anuncios da Corporación e na páxina web do Concello.

Valdoviño, 27 de setembro de 2016

O Alcalde

Asdo. Alberto González Fernández.

